

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 21.007-240

INFORME-PROPOSTA

ACLARACIÓNS ÁS CUESTIÓNS FORMULADAS NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL E PATRIMONIAL DO CONCELLO DO VIGO

I.- ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 20 de maio de 2022, a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación urxente do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello do Vigo.

Segundo.- O 25 de maio de 2022 publicouse o anuncio no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.

Terceiro.- Aberto o prazo para a presentación de ofertas, solicitáronse aclaracións aos pregos o 30 e 31 de maio de 2022, dentro do prazo sinalado na cláusula 11.3 do prego de cláusulas administrativas particulares -PCAP- (*"As aclaracións e documentación poderán solicitarse, a través do Rexistro xeral, ata 10 días antes da finalización do prazo de presentación de ofertas"*).

Cuarto.- Con data do 1 de xuño de 2022 a economista do Servizo de Patrimonio emitiu informe en relación coas aclaracións solicitadas.

II.- ACLARACIÓNS

Reprodúcense a continuación as aclaracións solicitadas e as súas respostas, de conformidade co informado pola economista do Servizo de Patrimonio.

- Pregunta 1:

"AC: Buenos días, necesitaríamos la siguiente información:

1_Siniestralidad detallada de por lo menos los últimos 3 años, indicando fechas, conceptos, pagos y reservas

2_Detalle de servicios que gestiona el ayuntamiento, e indicar también si los gestionan directamente o subcontratados :

- Instalaciones hospitalarias / sanitarias*
- Residencias de ancianos*
- Gestión de residencias/viviendas para personas sin hogar*
- Servicios de agua*
- Servicios de emergencia*
- Auditorías sanitarias/ revisiones o concesiones de licencias*



- *Alcantarillado, luz, basuras, puntos limpios etc*

- Resposta 1:

1. *"Achégase a facilitada pola Compañía Aseguradora Allianz".*

2. *"Servizos que xestiona o Concello directamente ou por terceiros:*

- *Instalacións hospitalarias/sanitarias: O Concello xestiona o Centro de Drogodependencias (CEDRO), centro sociosanitario asistencial sin hospitalización. Xestión directa, con subcontratación de traballos.*
- *Residencias de ancianos: Non*
- *Xestión de residencias/viviendas para persoas sin fogar: Xestión do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social mediante contrato de servizos.*
- *Servizos de auga: Xestión indirecta por empresa.*
- *Servizos de emerxencia: Policía Local, Bombeiros e Protección Civil.*
- *Auditorías sanitarias/ revisións o concesións de licenzas: Non*
- *Alcantarillado, luz, lixo, puntos limpios etc: Xestión indirecta por empresa".*

- Pregunta 2:

"Solicitamos nos indiquen donde debemos incluír a nosa cláusula de pandemias e ciber dentro da documentación que debemos presentar na licitación de referencia, a a que estamos interesados en acudir".

- Resposta 2:

"Para a licitación deberá aportarse unicamente a documentación requirida no PCAP, adxudicándose o contrato dacordo cos criterios establecidos en dito prego e en función á proposta presentada, que deberá axustarse ó modelo de proposición contido no seu Anexo I".

III.- ÓRGANO COMPETENTE

A competencia para a aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas correspóndelle á concelleira delegada de Contratación por acordo da Xunta de Goberno local de data 20 de xuño de 2019.

VI.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Á vista do exposto, propónse á concelleira delegada de Contratación a adopción da seguinte resolución:

- ***"Aprobar as respostas ás cuestións formuladas, contidas neste informe, respecto do procedemento aberto e tramitación urxente do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do Concello do Vigo (expte. 21.007-240).***
- ***Publicar esta resolución no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público".***



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2022 14:22	Páxina 2 de 3
21007-240	CSV: A5A7AB-E5D22F-BA84D1-GQ2X86-GJCH5D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Expediente 21.007-240

A técnica de Administración Xeral (sinatura dixital)

A xefa do Servizo de Contratación (sinatura dixital)

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE**

Vigo, data segundo sinatura electrónica

A CONCELLEIRA-DELEGADA DE CONTRATACIÓN (Acordo de delegación competencial de data 20 de xuño de 2019)

Dou fe, a secretaria de Administración Municipal



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/06/2022 14:22	Páxina 3 de 3
21007-240	CSV: A5A7AB-E5D22F-BA84D1-GQ2X86-GJCH5D-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		